

Hoxe, nada máis chegar, a mestra despregou o seguinte cartel... seica imos participar nun concurso literario, dos de verdade!

Concurso literario “Un Camiño, mil lendas”



III edición Escola en Camiño Concurso literario “Escola no Camiño”

Podes participar se tes entre 6 e 12 anos

e estás escolarizado en Galicia



Máis info:

www.farodevigo.es/concursoliterario
escolaencamino@farodevigo.es



Bases do concurso

- Cada colexio presentará a concurso tantos traballos como desexe.
- Cada traballo que se envíe deberá ir asinado co nome do centro escolar, ademais do nome e da idade do alumno ou alumna que o realice.
- O xurado valorará a creatividade dos traballos presentados. Así mesmo, garántese a igualdade e obxectividade para todos os centros.

Quen pode participar

- Podes participar se tes entre 6 e 12 anos e estás escolarizado en Galicia.

Datas: Debes entregar os teus traballos xusto un mes antes do Día das Letras Galegas, isto é, antes do 17 de abril. → **Cambiar redacción???: podes entregar os teus traballos ata un mes antes...**

Como: Podes presentar os traballos en papel ou en formato dixital. Os traballos dixitais deberás envialos por mail a cencamiños@oteuxornal.gal. Os orixinais podes entregalos como segue:

- En calquera delegación do xornal ou na súa sede central (neste caso, 24 horas ao día).
- Mediante correo postal ao Apartado de Correos, 13. Santiago de Compostela. Indicando no sobre “Un Camiño, mil lendas”.

Dinámica do concurso

- A temática do concurso será o Camiño de Santiago e os seus símbolos.
- Este ano, propoñemos a escritura dunha lenda: podes reescribir unha lenda que che contasen, modificar algún dos seus elementos ou tomar prestados personaxes ou criaturas de lendas doutras culturas, próximas ou afastadas. Bótalle imaxinación!

- Poderá participarse con tantos textos como se desexe, a única condición é que o traballo sexa inédito e non fose presentado antes a un concurso.
- A extensión máxima dos textos será de 5 folios en tamaño DIN A4.
- Os traballos avaliaranse en función da idade das e dos participantes, de modo que haberá unha lenda gañadora por cada curso, desde 1º de EP a 6º de EP.

Premios

- Os textos literarios gañadores serán publicados nun suplemento especial, que varios xornais galegos editarán despois da entrega de premios.
- O premio consistirá nunha excursión a Santiago de Compostela para toda a clase da persoa gañadora. Ademais, o alumnado participante recibirá un sombreiro de aba ancha con cuncha de vieira incluída, coma o que empregaban os antigos camiñantes!

Se te fixas na imaxe que acompaña ao texto, poderás dicir cantos anos leva celebrándose o concurso:

1. Dous
2. Tres
3. É a primeira Edición
4. Catro

Procura a información necesaria no texto para indicar se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

	• Podo participar dende a casa e os meus pais envían o traballo por mail.
	• Os meus pais teñen que asinar o traballo antes de envialo.
	• O concurso leva celebrándose 3 edicións
	• Os traballos entregaranse o día das letras Galegas, 17 de maio
	• Se desexas máis información podes consultar na web cencamiños@oteuxornal.gal
	• Haberá un gañador ou gañadora por cada curso de primaria

Cando remata o prazo para entregar os traballos?

1. O Día das Letras Galegas
2. O 17 de marzo
3. Un mes antes das Letras Galegas, o 17 de abril.
4. O prazo está aberto todo o ano

Que información debe acompañar cada un dos traballos realizados?

1. O nome dos pais ou nais.
2. O nome do alumno/a
3. O nome do colexio
4. A idade do alumnado participante.

Baseándote na información que ofrece o texto, indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- A temática do concurso é libre.
- A data límite de entrega dos traballos é o 11 de abril.
- O xornal que patrocina o concurso é O Faro de Vigo.

Cal é a temática do concurso?

1. O Camiño de Santiago e os seus símbolos.
2. Os perigos do Camiño de Santiago.
3. Consellos para realizar o Camiño de Santiago.
4. Un camiño, mil lendas.

Relaciona cada palabra da columna da esquerda co enunciado da columna da dereita

	Escribe aquí a letra correspondente	
A -Igualdade		O xurado valorará a dos traballos presentados.
B- Idade		Garántese a e obxectividade para todos os centros.
C- Creatividade		Os traballos avaliaranse en función da das e dos participantes

Cal da seguinte información é necesaria se queres participar no concurso e de cal poderías prescindir?

	Necesaria	Prescindible
Os textos literarios gañadores serán publicados nun suplemento especial		
A temática do concurso será o Camiño de Santiago e os seus símbolos.		
Garántese a igualdade e obxectividade para todos os centros.		
Podes participar se tes entre 6 e 12 anos e estás escolarizado en Galicia.		

No texto di que podemos reescribir unha lenda preexistente ou inventar unha. Quero participar no concurso, pero antes de lanzarme a escribir fixen catro esquemas de catro posibles lendas para redactar. Segundo a información do texto, cal cres que será a máis axeitada?

1. Reescribir a lenda do monstro do lago Ness. Contouma meu pai. En Escocia, un lago cun monstro cuxa sombra se ve de vez en cando.
2. Cambiar un pouco a lenda de Robin Hood. Busquei en internet lendas e pon que era un bandido e os seus secuaces, que vivían nun bosque e roubaban os ricos para dárllelo aos pobres.
3. Inventar una lenda sobre o camiño de Santiago dun heroe que vai vestido con capa e sombreiro e, cada vez que fai una fazaña, deixa una marca amarela.
4. Inventar una lenda sobre unha meiga que voa coa súa vasoira e lle deixa agasallos aos nenos baixando pola cheminea no Nadal.

¿Cal é a idea principal do texto?

1. Informar sobre o Camiño de Santiago.
2. Dar información sobre un concurso literario.
3. Elixir a persoa gañadora do concurso das letras galegas.
4. Facer un debuxo sobre o Camiño de Santiago.

Por que se realiza unha avaliación diferente para cada curso?

1. Porque hai un gran número de premios para repartir.
2. Porque o alumnado ten un nivel diferente segundo o curso no que estea. X
3. Porque a avaliación é unha proba que unicamente se pode facer para un curso.
4. Falso, a avaliación non é por cursos.

Pode participar no concurso unha alumna de 5 anos?

1. Si
2. Non
3. Depende do mes en que cumpra os anos.
4. Si, sempre e cando o permita o seu titor ou titora

Por que é importante garantir os principios de igualdade e obxectividade no concurso?

1. Porque todo o alumnado debe ter as mesmas condicións.
2. Porque é importante que os traballos presentados sexan parecidos.
3. Porque o alumnado é moi diferente e así o xurado pode diferencialos.
4. Para evitar trampas entre os participantes.

A partir da información do texto. Cando é o día das letras Galegas?

- a- 17 de abril
- b- 17 de maio
- c- 12 de xaneiro
- d- 6 de febreiro

En que sección podo atopar información sobre se podo presentar máis dun traballo feito por min?

1. Bases do concurso
2. Quen pode participar
3. Como participar
4. Dinámica do concurso

O meu curmán, que vive no País Vasco, pode participar no concurso?

1. Si, porque o Camiño de Santiago tamén pasa por alí
2. Si, porque os traballos poden entregarse por internet.
3. Non, porque non estuda en Galicia
4. Non, porque a súa mestra non llo propuxo.

Os alumnado de 2º de Primaria do CEIP Conde de Romanones de Madrid queren participar no concurso, pero denéganlles a súa participación. Segundo a información que achega o texto, cal é causa?

1. Non teñen a idade que se pide nas bases do concurso.
2. Non contan con medios para elaborar un traballo de forma dixital.
3. Non están escolarizados na Comunidade Autónoma Galega.
4. O camiño de Santiago non pasa por alí.

Fíxate ben no texto e sinala a opción correcta (pode haber mais de unha):

	• O nome do concurso é “Escola en camiño”
	• O nome do concurso é “Escola no camiño”
	• O concurso chámase “Escola en camiño”, pero este ano titúlase “Un camiño, mill lendas”
	• O concurso chámase “Escola en camiño”, pero este ano titúlase “O camiño de Santiago e os seus símbolos”

Que significan as siglas FDV que aparecen ao pé da imaxe nun recadro azul

1. Feito de verdade
2. **X** Faro de Vigo
3. Faino de vagar
4. Fadas, demos e vampiros

Enumera do 1 ao 5 as seguintes afirmacións segundo a orde en que aparecen no texto:

1. Quen pode participar?
2. Cales son os premios?
3. Como se pode participar?
4. Cando se entregan os traballos?

Que quere dicir a palabra igualdade que aparece no apartado "Bases do concurso":

1. Que poden participar tanto nenas coma nenos.

2. Que todos os colexios teñen as mesmas oportunidades.
3. Que dá igual cantos traballos se queiran presentar.
4. Que o xurado valorará a creatividade dos traballos presentados.

Procura no texto as palabras que responden ás seguintes definicións:

1. Oficina que depende dunha empresa ou entidade superior; neste caso, dunha empresa xornalística: *delegación*.
2. Oficina central dunha empresa ou organización: *sede*
3. Que nunca se publicou: *inédito*
4. Aquilo que se engade a unha cousa xa rematada para melloralala ou facela máis completa. Texto que publica un xornal ou unha revista, que é independente do seu contido: *suplemento*.

Fíxate na seguinte información que aparece na lectura: “A única condición é que o traballo sexa inédito”. Marca o significado correcto da palabra.

1. O traballo ten que estar ben presentado.
2. O traballo ten que axustarse a temática do concurso.
3. O traballo nunca se publicou nin se deu a coñecer.
4. O traballo ten que ter unha extensión máxima de cinco folios.

Por que cres que aparece un debuxo amarelo na parte inferior dereita da imaxe?

1. Porque é o lugar onde habería que premer se fose un texto interactivo.
2. Porque é o símbolo do Camiño de Santiago.
3. Porque queda ben algo amarelo para decorar o cartel.
4. Porque é o símbolo do concurso literario.

Por que cres que piden que se entreguen os traballos ata un mes antes do día das letras Galegas?

1. Porque teñen que recollelos antes de que remate o cole en xuño.
2. Porque queren empregalos para celebrar o Día das Letras Galegas.
3. Porque o Día das Letras Galegas sempre se traballan os contos e as lendas.
4. Porque lles leva un mes valoralos e decidir quen gaña o concurso.

Que debe facer a mestra cos traballos que lle entreguemos cos nosos datos?

Envialos á web do Faro de Vigo: <https://www.farodevigo.es>

Poñerlles nota e seleccionar unicamente un traballo de todo o colexio para enviar.

Poñerlles o nome do colexio e xuntalos todos para envialos.

As mestras seleccionarán un de cada clase e envíanse todos xuntos co nome do colexio

No texto ofrécese unha información sobre un concurso literario, pero... ademais de informar, observas outra finalidade?

1. Si, o texto trata de dar publicidade ó Día das Letras Galegas.
2. Non, simplemente informa das bases do concurso e das características dos traballo.
3. Si, en certos momentos, trata de convencer ou animar á participación (Botádelle imaxinación!)
4. Non, os textos que explican as bases dun concurso teñen unicamente unha intención informativa.

Cres que participar no concurso será beneficioso para os nenos e nenas?

1. Si, porque se terá en conta para obter mellores notas.
2. Non, só beneficiará a quen queira dedicarse a escribir novelas.
3. Si, porque estas actividades fomentan a amizade.
4. Si, porque poderán mellorar a súa escritura creativa.

Se precisases obter máis información sobre o concurso, en que páxina web buscarías?

1. www.lavozdeg Galicia.es
2. www.elpais.com
3. www.farodevigo.es
4. www.marca.com